

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 29 DE XULLO DO 2019

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día vinte e nove de xullo do dous mil dezanove, reúnen-se os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión organizativa convocada para dito día ás vinte horas, dando comezo ás vinte horas e cinco minutos.

Preside o Sr. Alcalde: D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

Asisten:

Sres/as. Concelleiros/as:

Grupo municipal Socialista: Dna. Gloria M^a Prada Rodríguez, D. Iban Torres Rodríguez, Dna. Pilar Espinosa Novelle, D. José Luis Losada Fernández, Dna. Marina M^a Douton Rajo, D. José Manuel Mougán Sobredo, Dna Regina López Arias, D. Guillermo Díaz Aira, Dna. Margarita López Rodríguez e D. Miguel Tomé López.

Grupo Municipal do Partido Popular: Dna. Katherinie Varela Fernández, D. Roberto Eireos Saez, D. Manuel Rodríguez Martínez, D. Victor Manuel Rodríguez López.

Grupo Mixto:

Bloque Nacionalista Galego: D. Emilio José Sánchez Iglesias

Esperta Monforte: Dna. M^a Isabel García Díaz.

Interventora acctal.: Dna. María I. Buján Arias.

Secretario: D. José Antonio Mourelle Cillero, que dá fe do acto.

O Sr. Alcalde abre a sesión e dispón que se proceda a tratar os asuntos da orde do día.

ORDE DO DÍA:

1. ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE Á SESIÓN DO 4 DE XULLO DO 2019

Intervén D^a Isabel García Díaz manifestando que no pleno anterior manifestou que non estaba recollida a información que ela solicitaba e se me dixo fixera unha corrección da que non tivo notificación, nin a tivo posteriormente. Sendo certo que efectivamente fai unha referencia a toda a situación, máis que por qué estea en contra, di que está todo moi embarullado. Di que ese punto 2 non se acaba de correxir, di que non ten claridade nos conceptos e prefire non aprobala. Di que presentou un recurso e que non tivo contestación e que a acta non acaba de estar clara.

Sometida a acta a votación, queda aprobada por maioría con 12 votos a favor do concelleiros do Grupo municipal socialista e D. Emilio José Sánchez Iglesias, un voto en contra de D^a Isabel García Díaz e catro abstencións dos concelleiros do grupo municipal do PP.

2. DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF). Datas das Resolucións das que se dá conta: 24.04.2019 ao 16.07.2019

O Sr. Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, dá conta de Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 24 de abril de 2019 e o 16 de xullo do 2019.

PARTE RESOLUTIVA

3. CLASIFICACIÓN LICITADORES NO EXPEDIENTE CONTRATACIÓN SERVIZO DE TRANSPORTE URBANO COLECTIVO NO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

O ditame é favorable á proposta do expediente, por seis votos a favor (do Grupo Municipal Socialista) e tres abstencións (dúas do Grupo municipal do PP e unha do Grupo Mixto) e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na proposta do expediente:

“ANTECEDENTES

1. *Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán a adxudicación por procedemento aberto, tramitación ordinaria, de data 30.04.2019.*
2. *Actas da Mesa de contratación de datas 08.07.2019 e 10.07.2019, nas que se procede á valoración das ofertas presentadas polos licitadores concorrentes.*

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1. *A cláusula 2.3.1 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, que rexe a licitación do presente procedemento establece que “Una vez valoradas las ofertas, la mesa de contratación remitirá al órgano de contratación la correspondiente propuesta de clasificación y de adjudicación, en la que figurarán ordenadas las ofertas de forma decreciente incluyendo la puntuación otorgada a cada una de las ofertas admitidas por aplicación de los criterios indicados en los Anexos XI y XII e identificando la oferta mejor puntuada.”*
2. *O artigo 157.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014,(en adiante LCSP), establece: “La Mesa de contratación calificará la documentación a que se refiere el artículo 140, que deberá presentarse por los licitadores en sobre o archivo electrónico distinto al que contenga la proposición.
Posteriormente, el mismo órgano procederá a la apertura y examen de las proposiciones, formulando la correspondiente propuesta de adjudicación al órgano de contratación, una vez ponderados los criterios que deban aplicarse para efectuar la selección del adjudicatario.”*

Por canto antecede, elévase ó Pleno da Corporación a seguinte,

PROPOSTA DE ACORDO:

1º.- CLASIFICAR os licitadores concorrentes ó expediente de contratación do **SERVIZO DE TRANSPORTE URBANO COLECTIVO NO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS (EXP.031-SERPA18)** na seguinte orde:

Pleno ordinario 29.07.2019

LICITADOR	REXISTRO	ADMITIDO	PUNTOS	OFERTA	TEMERARI	PUNTOS	TOTAL PUNTO	Nº ORD
PALACIOS BUS, S.L.	2019/9	SI	22,00	76.972,5	NO	61,35	83,35	2
IACOBUS VIA S.L.U.	2019/9	SI	12,00	69.822,5	NO	75,00	87,00	1

2º.- REQUERIR á mercantil IACOBUS VIA S.L.U, con CIF B27397744 e domicilio social en Avda. de Magoi, 134 – 27002 Lugo, como licitador clasificado en primeiro lugar, para que no prazo de DEZ DÍAS HÁBILES, presente a documentación sinalada na cláusula 2.3.2 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

3º.-Delegar na Xunta de Goberno Local todos os trámites precisos para a execución do presente acordo.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez manifestando que entende que é unha formalidade do contrato. Di que non vai poñer en dúbida en absoluto o traballo feito polos técnicos. Despois de estudar o contrato, se é cuestión do pleno aprobar todo o procedemento, gustaríalle ter unha xunta de voceiros para facer achegas para mellorar o servizo, como mellorar en cuestións importantes, como son as propias rutas, non chegan ao cruce da Vide, á Chacinera, a Reigada, que son límites do casco urbán, tampouco as rutas do Polígono industrial. Di que se debería incluír os días feirados o 6 e o 24 que non aparecen no contrato. Di que hai outras cuestións como que o autobús sexa propiedade do concello, obligan as circunstancias do contrato di que como ten que ser o modelo de autobús, ten que ser un motor de 190 CV, motor diesel. Fala de que en moitas cidades de España se aposta por autobuses híbridos que van encamiñados á elimintación de gases. Outra cousa que botan en falla é mellorar o servizo nas parroquias, hai unha figura importante, que a figura do taxi a demanda.

Intervén D^a Isabel García Díaz dicindo que lóxicamente entende que esta é unha situación de mero trámite, que non se convidou para facer propostas, para mellorar o servizo. En todo caso, como é evidente que van facer o que consideren, de momento nada máis.

Intervén D. Katherinie Varela dicindo que manifestaron a súa intención no anterior pleno.

Intervén o Sr. Alcalde, manifestando que o prazo do contrato debe ser como mínimo de 10 anos para amortizar o investimento, cando supere o mínimo de anos sería cuestión de pleno. Por iso é cuestión de traer ao pleno conforme á proposta de contratación, hai dous licitadores que obtiveron unha puntuación en función do prego de condicións. En canto ao que fala das rutas, no prego pon que non son

definitivas, pódense modificar. En canto ás parroquias non é posible, por iso non se recolle.

Sometido o asunto a votación, apróbase por maioría con once votos a favor do Grupo Municipal Socialista e seis abstencións do Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Mixto.

4. APROBACIÓN CONTA XERAL CONCELLO E IMD 2018

O ditame é favorable á proposta do expediente, por seis votos a favor (do Grupo Municipal Socialista) e tres abstencións (dúas do Grupo municipal do PP e unha do Grupo Mixto) e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na proposta do expediente:

CONCELLO.-

- Balance de situación. Activo e Pasivo: 64.162.814,04 €.
- Resultado económico-patrimonial. Aforro: 2.842.741,97 €.
- Resultado Orzamentario axustado: 2.656.119,20€.
- Remanente de Tesourería total: 10.576.839,56 €.
- Remanente de Tesourería para gastos xerais: 7.325.081,41 €.

INSTITUTO MUNICIPAL DE DROGODEPENDENCIA.-

- Balance de situación. Activo e Pasivo: 69.090,87 €.
- Resultado económico-patrimonial. Aforro: 463,56 €.
- Resultado Orzamentario axustado: 413,48 €.
- Remanente de Tesourería total: 30.566,73 €.
- Remanente de Tesourería para gastos xerais: 30.187,13 €.

Non hai intervencións.

Sometido o asunto a votación, apróbase por maioría con trece votos a favor do Grupo Municipal Socialista e Grupo Mixto e catro abstencións do Grupo Municipal do Partido Popular.

5. COMPENSACIÓN IPC PISCINA MUNICIPAL

O ditame á favorable á proposta do expediente, por seis votos a favor (Grupo Socialista) e tres abstencións (dúas do Grupo Municipal do PP e unha do Grupo Mixto), e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na proposta do expediente:

“Vista a solicitude presentada por ALACER OCIO Y DEPORTE SL de compensación económica correspondente polo importe deixado de percibir pola non subida de tarifas da piscina municipal no período 01/01/2018 a 31/12/2018.

Vista a documentación que consta no expediente e o informe de intervención

PROPONSE Ó PLENO

Recoñecer o dereito da empresa a percibir a compensación solicitada, por importe de 33.506,18 € máis IVE, e proceder ó trámite da correspondente modificación orzamentaria para a dotación de crédito na aplicación, mediante un suplemento de crédito na aplicación 342.470.00 DEPORTES.CONCESION PISCINA MUNICIPAL con cargo ó remanente da tesourería para gastos xerais”.

Non se producen intervencións.

Sometido o asunto a votación, apróbase por maioría con trece votos a favor do Grupo Municipal Socialista e Grupo Mixto e catro abstencións do Grupo Municipal do Partido Popular.

6. BONIFICACION 30% ICIO PRODEME

O ditame á favorable á proposta do expediente, por seis votos a favor (Grupo Socialista) e tres abstencións (dúas do Grupo Municipal do PP e unha do Grupo Mixto), e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na proposta do expediente:

“PROPOSTA AO PLENO de outorgamento da bonificación na cota do imposto sobre construcións, instalacións e obras - ASOC COM PARA LA PROTECCION DEL DEFICIENTE MENTAL.

Na data de 13.03.2018 (RE 3786) ASOC COM PARA LA PROTECCION DEL DEFICIENTE MENTAL (G27011790) presenta solicitude de aplicación dunha bonificación do 90% no imposto sobre construcións, instalacións e obras derivada da licenza municipal para a explanación e vaciado da parcela para a nivelación dos terreos da mesma co fin de facilitar a limpeza da maleza e dispor da mellor configuración do terreo para unha posterior construción dunha edificación , que segundo os interesados lles correspondía como obra de interese social e en base ao acordo plenario de 18.12.2017.

En contestación á anterior solicitude, remitiuse a ASOCIACIÓN PRODEME (G27011790) escrito no que se lle informaba que non estaba previsto na Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras, unha bonificación do 90% na cota deste imposto polas obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade social por concorrer circunstancias sociais.

“Segundo o apartado e) do artigo 7 da devandita ordenanza, aprobado polo Pleno en sesión do 23.10.2017 e publicada no BOP número 293 de 23.12.2017, régúlase a seguinte bonificación para as devanditas obras :

e) 30% na cota do imposto polas demais obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, históricas artísticas ou de fomento da ocupación que o xustificuen, a solicitude dos interesados mediante memoria xustificativa en apoio de tal prestación

As bonificacións deberán solicitarse simultaneamente á solicitude da licenza de obras, achegando a documentación que acredite a concorrencia das circunstancias que dean dereito as mesmas.

O recoñecemento das bonificacións aludidas corresponderá ao Pleno voto da maioría simple dos seus membros sen prexuízo das delegacións que poidan proceder segundo a normativa vixente

As devanditas bonificacións quedarán sen efectos por non cumprirse as condicións por razón das cales concedéronse as mesmas”

Na data de 24.08.2018 (RE 13137) en contestación ao devandito escrito ASOC COM PARA LA PROTECCION DEL DEFICIENTE MENTAL presenta solicitude para que lle sexa aplicada a bonificación no imposto sobre construcións, instalacións e obras que lle corresponda achegando aos efectos memoria.

Logo de comprobar que por acordo de Xunta de Goberno Local do día 27.08.2018 concedeuse a ASOC COM PARA LA PROTECCION DEL DEFICIENTE MENTAL (G27011790) licenza de “ OBRA de explanación e vaciado da parte urbana da finca de referencia catastral 1206027PH2110N00000J, 1206027PH2110N0001PK, 1206068PH2110N0000JJ, 1206068PH2110N0001KK e construción dun muro de peche de formigón delimitador da parcela polo lado este”

O artigo 103.2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora de facendas locais establece que as ordenanzas fiscais poderán regular unha bonificación sobre a cota de imposto sobre construcións, instalacións e obras “de ata o 95% a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico - artísticas ou de

fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros

Logo de comprobar o artigo 7 da Ordenanza Fiscal Reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras, na que se establece que gozarán dunha bonificación na cota do imposto sobre construcións, instalacións e obras polas obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade por concorrer determinadas circunstancias.

No apartado e) régúlese a seguinte bonificación :

e) 30% na cota do imposto polas demais obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, históricas artísticas ou de fomento da ocupación que o xustifiquen, a solicitude dos interesados mediante memoria xustificativa en apoio de tal prestación

As bonificacións deberán solicitarse simultaneamente á solicitude da licenza de obras, achegando a documentación que acredite a concorrencia das circunstancias que dean dereito as mesmas.

O recoñecemento das bonificacións aludidas corresponderá ao Pleno voto da maioría simple dos seus membros sen prexuízo das delegacións que poidan proceder segundo a normativa vixente

As devanditas bonificacións quedarán sen efectos por non cumprirse as condicións por razón das cales concedéronse as mesmas Logo de comprobar o Informe emitido pola Intervención.

Logo de comprobar o artigo 22.2.da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local.

PROPONSE: DECLARAR DE ESPECIAL INTERESE AS OBRAS referenciadas e ***CONCEDERLLES*** unha bonificación do 30% da cota do imposto sobre construcións, instalacións e obras.”

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez manifestando que, o que se vai facer é recoñecer a obra social que fai esta asociación. Fala do apartado 7.e) das ordenanzas de haber mudado do 30% ao 90% solicita que lle gustaría que se levase a cabo. Solicita que en novembro cando se fagan as ordenanzas teñan a ven mudar ese porcentaxe.

Intervén D^a Isabel García dicindo que se está a falar da ampliación de algo que xa está recoñecido e establecido. Entende, dado que é para interese municipal e beneficio dunha entidade social, e é en beneficio do interese de todos os monfortinos, anuncia o seu voto favor.

Intervén D^a Katherinie Varela solicitando no mesmo sentido que o compañeiro Emilio que se cambie do 30 % ao 90 %, anunciando o seu voto a favor neste punto.

Intervén D^a Gloria Prada manifestando que este equipo de goberno ten como referencia realizar a súa labor dentro da legalidade vixente, para que todos os cidadáns saiban que este Concello actúa coa seguridade xurídica para todos. A ordenanza fiscal do ICIO establece unha serie de bonificacións dependendo da actuación de que se trate pode oscilar do 30% ou do 95%, en función da actuación se é unha obra e a creación de emprego. Manifesta que a ordenanza provén de anteriores mandatos, mellorando a mesma en función do convenio suscrito coa Consellería, en función do número de postos de traballo que se creen. Polo tanto segundo o informe de intervención e en aplicación da vixente ordenanza procede aprobar unha bonificación do 30% para as obras que pretende realizar a Asociación Prodeme. .

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade cos votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal Socialista, Grupo Municipal do PP e Grupo Mixto.

7. SUPLEMENTO CRÉDITO 51/2019 COMPENSACIÓN IPC PISCINA

O ditame á favorable á proposta do expediente, por seis votos a favor (Grupo Socialista) e tres abstencións (dúas do Grupo Municipal do PP e unha do Grupo Mixto), e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na proposta do expediente:

“De conformidade co disposto na Disposición Adicional Sexta da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade financeira as EELL poderán destinar o superávit do exercicio anterior:

Regras especiais para o destino do superávit orzamentario.

1. Será de aplicación o disposto nos apartados seguintes desta disposición adicional ás Corporacións Locais nas que concorran estas dúas circunstancias:

a) Cumpran ou non superen os límites que fixe a lexislación reguladora das Facendas Locais en materia de autorización de operacións de endebedamento.

b) Que presenten no exercicio anterior simultaneamente superávit en termos de contabilidade nacional e remanente de tesouraría positivo para gastos xerais, unha vez descontado o efecto das medidas especiais de financiamento que se instrumenten no marco da disposición adicional primeira desta Lei.

2. No ano 2014, aos efectos da aplicación do artigo 32, relativo ao destino do superávit orzamentario, terase en conta o seguinte:

a) As Corporacións Locais deberán destinar, en primeiro lugar, o superávit en contabilidade nacional ou, se fose menor, o remanente de tesouraría para gastos xerais a atender as obrigacións pendentes de aplicar a orzamento contabilizadas a 31 de decembro do exercicio anterior na conta de Acredores por operacións pendentes de aplicar a orzamentos, ou equivalentes nos termos establecidos na normativa contable e orzamentaria que resulta de aplicación, e a cancelar, con posterioridade, o resto de obrigacións pendentes de pago con provedores, contabilizadas e aplicadas a peche do exercicio anterior.

b) No caso de que, atendidas as obrigacións citadas na letra a) anterior, o importe sinalado na letra a) anterior mantivécese con signo positivo e a Corporación Local optase á aplicación do disposto na letra c) seguinte, deberase destinar, como mínimo, a porcentaxe deste saldo para amortizar operacións de endebedamento que estean vixentes que sexa necesario para que a Corporación Local non incorra en déficit en termos de contabilidade nacional no devandito exercicio 2014.

c) Se cumprido o previsto nas letras a) e b) anteriores a Corporación Local tivese un saldo positivo do importe sinalado na letra a), este poderase destinar a financiar investimentos sempre que ao longo da vida útil do investimento esta sexa financieramente sustentable. A estes efectos a lei determinará tanto os requisitos formais como os parámetros que permitan cualificar un investimento como financieramente sustentable, para o que se valorará especialmente a súa contribución ao crecemento económico a longo prazo.

Para aplicar o previsto no parágrafo anterior, ademais será necesario que o período medio de pago aos provedores da Corporación Local, de acordo cos datos publicados, non supere o prazo máximo de pago previsto na normativa sobre morosidade.

3. Excepcionalmente, as Corporacións Locais que no exercicio 2013 cumpran co previsto no apartado 1 respecto da liquidación do seu orzamento do exercicio 2012, e que ademais no exercicio 2014 cumpran co previsto no apartado 1, poderán aplicar no ano 2014 o superávit en contabilidade nacional ou, se fose menor, o remanente de tesouraría para gastos xerais resultante da liquidación de 2012, conforme ás regras

contidas no apartado 2 anterior, se así o deciden por acordo do seu órgano de goberno.

4. O importe do gasto realizado de acordo co previsto nos apartados dous e tres desta disposición non se considerará como gasto computable a efectos da aplicación da regra de gasto definida no artigo 12.

5. En relación con exercicios posteriores a 2014, mediante Lei de Orzamentos Xerais do Estado poderase habilitar, atendendo á conxuntura económica, a prórroga do prazo de aplicación previsto neste artigo.»

No exercicio 2019, á data de elaboración deste informe non está aprobado o Orzamento Xeral do Estado, pero vén de publicarse o seguinte:

Real Decreto-ley 1/2019, de 29 de marzo, por el que se prorroga para 2019 el destino del superávit de comunidades autónomas y de las entidades locales para inversiones financieramente sostenibles y se adoptan otras medidas en relación con las funciones del personal de las entidades locales con habilitación de carácter nacional

Artículo 2. Destino del superávit de las entidades locales correspondiente a 2018

En relación con el destino del superávit presupuestario de las entidades locales correspondiente al año 2018 se prorroga para 2019 la aplicación de las reglas contenidas en la disposición adicional sexta de la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera, para lo que se deberá tener en cuenta la disposición adicional decimosexta del texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por el Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo. (...)

Tendo en conta que de acordo co informe de Intervención se cumpren os requisitos recollidos na DA Sexta da LOEPSF no seu punto primeiro: A liquidación consolidada do exercicio 2018 cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria, entendida como a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiación dacordo coa definición contida no SEC95, cumpre co límite de endebedamento, incumpre o límite da regra de gasto do orzamento da propia entidade e do seu organismo autónomo. Ademáis cumpre co PMP a 31/12/2018.

Tendo en conta que na conta 413 constan pendentes de aplicar ó orzamento as seguintes débedas:

CONCEPTO	PROVEDOR	IMPORTE
COMPENSACIÓN POLA NON SUBIDA DO IPC DAS	B32267031 -	40.542,

TARIFAS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DA PISCINA MUNICIPAL E DEMÁIS INSTALACIÓNS ANEXAS, DE 01/01/2018 A 31/12/2018	ALACER, OCIO Y DEPORTE SL	48
	TOTAL	40.542,48

Para proceder ó recoñecemento e liquidación desta obrigas considérase pertinente tramitar unha modificación de crédito con cargo ó remanente líquido de tesourería da liquidación de 2018, dado que se trata dun gasto específico e determinado que non debe ser demorado a exercicios posteriores e que o crédito consignado nas partidas ás que imputar o gasto no orzamento vixente resulta insuficiente para o recoñecemento das obrigas.

Visto o anterior é polo que se propón:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos n.º 51/2019 por importe de **40.542,48 €** na modalidade de suplemento de crédito, financiado con cargo ao remanente líquido de Tesourería resultante da liquidación do exercicio 2018, en cumprimento da Disposición Adicional Sexta da Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e da LPE 2018 que aproba a prórroga das medidas previstas na citada D.A. Sexta, e o Real Decreto-lei 1/2019, de 29 de marzo, polo que se prorroga para 2019 o destino do superávit de comunidades autónomas e das entidades locais para inversións financieramente sostibles e adóptanse outras medidas en relación coas funcións do persoal das entidades locais con habilitación de carácter nacional, de acordo co seguinte:

APLICACIÓN GASTOS	DESCRICIÓN	IMPORTE A FINANCIAR
342.472.00	SALDO CONTA 413 COMPENSACIÓN POLA NON SUBIDA DO IPC DAS TARIFAS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DA PISCINA MUNICIPAL E DEMÁIS INSTALACIÓNS ANEXAS, DE 01/01/2018 A 31/12/2018)	40.542,48
APLICACIÓN INGRESOS	DENOMINACIÓN	TOTAL
870.00	Remanente de Tesourería para Gastos Xerais	40.542,48

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, por quince días, durante os cales os interesados porán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen

Pleno ordinario 29.07.2019

reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.”

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D^a Isabel García Díaz anunciando o seu voto a favor. Manifestando que quere facer unha pregunta e un rogo “in voce”.

Sometido o asunto a votación, apróbbase por unanimidade cos votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal Socialista, Grupo Municipal do PP e Grupo Mixto.

O Sr. Alcalde aclara que as preguntas e os rogos “in voce”, non teñen que contestarse na mesma sesión.

8. MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE A SOLICITUDE O GOBERNO CENTRAL DO DESVÍO DE FONDOS PARA A ESTACION DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.

O ditame é favorable á proposta contida no ordinal primeiro do citado escrito do Grupo municipal do PP, por dous votos a favor do Grupo Municipal do PP e sete abstencións (seis do grupo municipal Socialista e unha do Grupo Mixto) e que se someta a decisión plenaria.

“Exposición de motivos

Es notorio y manifestó el gran número de deficiencias en el sistema de saneamiento y depuración en la ciudad.

Según un estudio realizado en 2008 por Aguas de Galicia, se detectaron múltiples deficiencias en la Estación Depuradora de Aguas Residuales, considernado ya por aquel entonces la proximidad del final de su vida útil: ausencia de sistema de desengrasado, mal funcionamiento de la decantación secundaria o la falta de eliminación de nutrientes etc.

Recientemente, Desde la Consellería de la Xunta de Galicia, se están llevando a cabo diferentes actuaciones para el desvío de fondos FEDER a Monforte de Lemos para llevar a cabo las actuaciones necesarias en el EDAR de Monforte; así como se ha llevado a través del grupo del partido popular del parlamento gallego, una proposición no de ley al gobierno de la Xunta para instar al gobierno central al desvío de estos fondos.

Es competencia de los ayuntamientos, en virtud del artículo 25.C de la LRBRL, el abastecimiento del agua y la evacuación y tratamiento de aguas residuales; pero entendemos el alto coste de estas tareas; sin embargo, dado que el actual gobierno en funciones de nuestro país viste el mismo uniforme político que el gobierno de este ayuntamiento, consideramos importantísimo una actuación en este sentido, y que se contribuya en el desvío de fondos.

Por todo lo expuesto, desde la agrupación municipal del partido popular, presentamos la siguiente propuesta para informe y dictamen de la comisión informativa en aras de su debate y votación en el pleno:

"El pleno de Monforte de Lemas insta al actual gobierno a dirigirse al gobierno central a fin de que ponga a disposición los recursos necesarios para abordar las actuaciones necesarias en la Estación Depuradora de Aguas Residuales de la Pinguela en monforte de Lemos"

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D^a Katherinie Varela pedindo desculpas pola presentación da proposta e rogos. Comenta que está confusa polo tratamento que se da neste Concello á proposta e á moción e os rogos. Esta un pouco confusa do tratamento que se da ás propostas e ás mocións.

En canto á proposición que presenta como é ben sabido, en Monforte hai un problema co saneamento, os veciños queixanse, cando hai mal tempo hai problemas no río Cabe cos residuos, dende o Partido Popular na Xunta se instou ao Goberno Central para que haxa un desvío de fondos Feder para un cambio da depuradora da Pinguela, consideran que é unha competencia do Concello en virtude do artigo 25.c da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local, pero como entenden que é custe elevado, consideran que se debería pedir que o antes posible se solicite ao goberno central o desvío de fondos.

Intervén D. Emilio José Sánchez comparte a necesidade de arranxar. Fala dos termos nos que se prantexa o acordo, son outras as formas, non porque este escrito en castelán, simplemente que creen que para estas actuacións se debe de facer un estudio de detalle e unha vez que a obra estea orzamentada, se leva a cabo con fondos propios ou ben da Deputación ou da Confederación. Dirixirse ao goberno, está en funcións, non sabemos se o vai haber, haberá. Nos orzamentos do Estado español cando se fala de Galicia, tanto no anterior goberno, como no actual os orzamentos non eran os máis favorables para o noso país para a nosa provincia e máis en concreto no sur de Lugo, nesas orzamentos é onde teñen que aparecer esas partidas. Esta proposta, instar ao goberno non a acaba de ver tal e como esta prantexada.

Intervén D^a Isabel García manifestando que lóxicamente ninguén con responsabilidade debe votar en contra para mellorar o saneamento, o mal estado da depuradora é algo que se denunciou dende EspertaMonforte!. A necesidade é importante. Comparte que lle faltan cousas nesta iniciativa. Di que si tivo certa dificultade para saber o que se pide, si ben o entende. Cree que a Xunta de Galicia pode eludir e a Confederación Hidrográfica, efectivamente o Concello ten unha responsabilidade, di que están traballando para que dunha vez por todas teñan

unha depuradora autosuficiente. Di que non pode votar en contra de algo que é imprescindible, si lle gustaría que isto se completara con outras actividades. Di que vai esperar ao que diga o equipo de goberno e a voceira do PP na súa segunda intervención e, no seu caso dará a súa intención de voto.

Intervén D. Ibán Torres manifestando que xa dixo na Comisión que era unha chapuza. Di que el non sabe o que é desviar fondos, que cauce legal contempla, que criterio legal . Como dixo anteriormente, ao que se refire vostede é a unha reasignación de fondos públicos, o que vostede di é desviar fondos. Fala vostede de cousas que se ve perfectamente que non sabe ou non controla, datos que non se corresponden coa realidade. No escrito que rexistrou para este pleno, so se pode entender a falla de experiencia, presenta vostede unha recompilación, que nada ten que ver entre si, que a primeira parte é unha moción, pero logo endosa vostede un rogo que non se debate e non pode entrar na Comisión. Debe presentar as mocións nun documento, as preguntas noutro, os rogos noutros, xa que cada un ten un trámite diferente. ,

Esta pedindo que se cometa unha ilegalidade, desviar fondos ou que pidamos que a cometan outros. Qué entendemos por desviar fondos, non sabe o que é desviar fondos. A situación actual provén dun contrato de 25 anos, a rede de saneamento incluída, asinado polo Partido Popular. Fala dun estudo realizado no 2008 por Augas de Galicia, o documento de Augas de Galicia ten varios tomos, os primeiros son de xullo de 2012, os segundos do ano 2013, é evidente que non manexa a información, iso chámase descoñecemento. A Consellería da Xunta de Galicia está levando a cabo diferentes actuacións para o desvío de fondos FEDER. Isto é falso, o que fixo a Sra. Conselleira, Ethel Vázquez foi enviar unha carta o 21 de decembro do 2008 ao Secretario de Estado, en caso de non levarse a cabo a nova depuradora de Santiago se distribuisen eses fondos en Galicia. Esas competencias debería saber que están transferidas ás Comunidades Autónomas, non se pode pedir desvíos de fondos a quen non ten potestade. Fala da desinformación e descoñecemento. Di que dende o 2012 páguase un canon de auga, dende o 2012, que recauda Augas de Galicia, o Concello de Monforte aportou 2 millóns de euros.

Intervén D^a Katherinie Varela falando dos modales do concelleiro Ibán Torres. Ya pediu disculpas. Pregunta cal é a diferenza entre moción, rogo, ditame, pregunta. Pode ser que non teña experiencia, pero que pode ler a Lei. Di que se pode falar sen faltar ao respecto. Porque os rogos é unha norma do ROF, o problema que o fixen todo xunto. Di que non vai negar que ao mellor coas presas se fixo desa maneira. Vostede sabe do que falaba, utiliza a miña proposta para atarcarme e desprestixiarme. Eses fondos FEDER se teñen que xestionar dende o Estado, que eses fondos se utilizasen para outros concellos, xa que non iban a ser utilizados para Santiago. Dice que a Xunta non o fai de forma equilibrada, pero ao mellor é que a maioría dos concellos de Galicia están gobernados polo Partido Popular. Di

que a proposta emitida pode ser escasa pero se entende perfectamente, todo o que poda vir para Monforte para facer unha mellora do saneamento.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que se vai facer a depuradora de Santiago entón quedarán en Santiago, polo que non va a haber reparto de fondos para naidie..

Intervén D^a Isabel García manifestando que ela ten padecido neste salón acusacións similares ás que se lle fixeron hoxe á voceira do Partido Popular por parte do Sr. Ibán Torres,. Quere manifestar o seu desacordo por falarlle desta maneira, cree que non é ético nin estético falar do coñecemento ou descoñecemento. O Sr. Ibán Torres sabe ao que se estaba a referir a voceira do PP, di que é moi importante é que se utilice o diñeiro veña de donde veña, aínda que a gramática ten a súa importancia pero non fai falla ridiculizar a ninguén, cre que entendeu perfectamente, sen dicir o que se acaba de escoitar.

Intervén D. Ibán Torres manifestando que non está aquí para adivinar, que non está aquí para intuir o que di ninguén, o único que está ofendido é el por dicir que faltara ao respecto, por dicir que é unha chapuza o que é unha chapuza.

Di que él non menosprecia a ninguén nin fala mal de ninguén. Vostede o sabe. Agora veñen aquí dicindo que se desvíen fondos, aquí non se di nin o que se quere. A súa proposta non se sustiene por ningún lado, non se di nin o que se quere. Este asunto xa foi debatido en Pleno. Manifesta que este alcalde e o equipo de goberno seguirán levando a cabo melloras no saneamento, colaborando con fondos propios, realizarán neste mandato melloras. Lo único que fai é poner de manifestó os incumprimentos da Xunta.

Intervén D^a Katherinie Varela solicitándolle a D. Ibán Torres que fale máis despacio que non lle entendeu nada, por elo non lle pode responder.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que cada un fala dunha maneira. Na normativa legal vixente está explicado o que é unha moción, un rogo, unha pregunta. O ditame é o que se vota no Pleno, despois da Comisión informativa. Este pleno non ten ningunha confusión, é igual que calquera outro pleno. Dille a D^a Isabel García que aquí vense a falar de política con respecto, pero dentro da forma de ser de cada un, un fala despacio e outro fala deprisa. Vostedes cánsaronse de chamarme dictador, machista, de todo. Cando non podía ser nin dictador nin machista, polo tanto non era verdade por que non tiña maioría no Pleno. Os monfortinos non pensaron o mesmo, hai que deixarse de tonterías, vir aquí a debatir, sexa home ou sexa muller os asuntos do Concello,. Dende logo, D^a Katherinie esta moción non a van a apoiar, non somos unha cidade de interese xeral, ten que ser aprobada esa actuación polo Consello de Ministros. Polo tanto non podemos entrar aí, eses fondos os asigna a Estado pero os xestiona a Comunidade Autónoma, parece ser que en Santiago vaise

facen a depuradora e polo tanto no quedan fondos libres. Dille que lle diga a súa conselleira que cando lle pediron a sra. Consellería, dende o ano 2012, canto diñeiro é, nin se reparou a depuradora de Piñeira, nin invertiu a Xunta e ningún metro cadrado de saneamento. A depuradora do Porto Seco di que é un proxecto supramunicipal e polo tanto é a Xunta de Galicia. A Xunta en temas de saneamento cero patatero. Cando a granizada desfixo os camiños no ano 2016, a Sober déronlle dous planes, prometéndome a Conselleira no seu despacho que sí, e despois de meses non o fixeron nada. O trato é discriminatorio absolutamente.

Sometido o asunto a votación, rexeítase a proposta do Grupo municipal Popular con catro votos a favor dos concelleiros do Partido Popular, once votos en contra dos concelleiros do Partido Socialista e dúas abstencións do Grupo Mixto.

9. DACIÓN DE CONTA INFORME PMP 1º TR 2019

Dáse conta do informe de Intervención sobre o periodo medio de pago (PMP) do 1º trimestre de 2019, segundo ven definido polo Real Decreto 635/2014. O PMP Global resultante do Concello de Monforte de Lemos (en días) é de 4,79.

10. DACION DE CONTA DE INFORME MOROSIDADE 1º TR 2019

A efectos de cumprir co disposto no artigo cuarto.4 da Lei 15/2010, preséntanse no Pleno os seguintes informes, tanto do Concello como do Instituto Municipal de Drogodependencias, correspondentes ao 1º trimestre de 2019:

- De cumprimento dos prazos de pago das operacións comerciais.
- De morosidade.

11. DACIÓN DE CONTA DA EXECUCIÓN ORZAMENTARIA DO 1º TR 2019

O Pleno queda informado da documentación remitida polo Concello ao Ministerio de Facenda, a través da Oficina Virtual para a Coordinación financeira coas Entidades Locais, a efectos de cumprimentar os datos correspondentes a este Concello do 1º trimestre de 2019, dos previstos sobre execucións trimestrais das Entidades Locais.

12. MOCIÓN E ASUNTOS DE URXENCIA.

Segundo o previsto no artigo 91.4 do ROF, por ser esta unha sesión ordinaria, o Pleno, por maioría, cos votos a favor dos concelleiros do PSOE e do Grupo Mixto e a abstención dos concelleiros do Partido Popular, acorda incluír os seguintes asuntos e mocións:

-PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DO ACORDO DO PLENO DE 20 DE XUÑO DO 2019

Vista a proposta da alcaldía de data 29.07.2019 que sinala:

“De acordo cos artigos 73, 75 e 75 bis e ter da Lei 7/1985 e 13 do ROF, proponse:

Tendo en conta a decisión da Alcaldía no que a esta lle corresponde de determinar os membros da Corporación que realizarán a súas función en réxime de adicación exclusiva ou parcial, sen prexuízo da plasmación formal na correspondente resolución, o réxime de adicacións dos cargos corporativos aprobado polo Pleno de 20 de xuño de 2019 modifícase quedando da seguinte forma:

1.-Acéptase a renuncia á adicación exclusiva do Alcalde a partir do 18 de xullo, polo que deixará de percibir soldo do Concello por ese concepto; percibirá únicamente indemnizacións polos gastos que corresponda ocasionados polo exercicio do seu cargo (dietas e locomoción) e pola asistencia a órganos colexiados que corresponde a membros da Corporación sen adicación exclusiva.

2.-A 1ª Tenente de Alcalde e Coordinadora do Goberno Municipal, Gloria Prada Rodríguez realizará as súas función en réxime de adicación exclusiva, coa remuneración correspondente ó NIVEL 1 que consten no orzamento en vigor en cada momento, con efectos do 1 de agosto de 2019.

3.-O Concelleiro delegado de Obras, Medio Rural e Servizos realizará as súas función en réxime de adicación exclusiva, coa remuneración correspondente ó NIVEL 2 que consten no orzamento en vigor en cada momento, con efectos do día do seu nomeamento. “

Intervén D. Emilio José Sánchez manifestando que lle parece ben. Di que non quere ofender a ninguén, di que el non vai dicir o que ten facer o Alcalde. Solicita que a atención á cidadanía do alcalde non se vexa mermada por ese feito, que estea o Concello atendido debidamente. Que se sigan cumprindo, xa temos unha Secretaría a tempo parcial, que no futuro non se desenrole o Concello como debería de ser. Di que lle chegou a iniciativa por correo ás 3 da tarde. Faltaría que se dixera ao pleno cal é a outra adicación.

Intervén D^a Isabel García manifestando que lóxicamente non vai dicir o que teñen que facer en cuanto á cuestión económica. Vostede pode deixar o soldo da alcaldía de Monforte para coller a exclusiva do soldo da Deputación de Lugo. Di que o que lle preocupa é o tempo que se vai adicar a este Concello, que este Concello estea atendido. Di que lle houbera gustado ter un alcalde a tempo completo. Di que é un Concello con suficiente traballo que precisa desa asistencia, non cree que se deba ter un alcalde compartido, os cidadáns xulgarán.

Intervén D^a Katherinie Varela manifestando que lle vai dar máis importancia á Deputación, di que non se olvide de ser o alcalde Monforte.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que lle vai adicar tempo a Monforte, cando faga falta. Ten un equipo amplo e maioría tanto na Deputación como no Concello. Vai seguir atendendo aos veciños coma sempre. Di que a súa prioridade é Monforte. Se agora mesmo tivera que optar por algunha das dúas cousas, optaría por Monforte, porque lle quere agradecer aos monfortinos o apoio que lle deron en todos os procesos que el estivo. Di que el xa renunciou dende o día 18 ao soldo, di que non vai deixar de ser Alcalde, di que vai compartir as dúas cousas, igual que o van facer os seus compañeiros do BNG de Lugo e de Sarria, e os seus compañeiros.. Para ser presidente da Deputación hai que ser concelleiro. Fala de cousas que escoitou na radio, que a lle preocupa á xente de Monforte o que vai ocorrer en Ourol, en Trabada, non vai ser que se trae moito para Monforte Haberá que facer unha xestión equilibrada. Pero se Monforte foi tratado diferente a outros concellos, se se pode facer reequilibrio territorial. Entende a súa preocupación estando seguro que é sana, o Concello de Monforte será atendido debidamente. Di que empezaron a traballar cun ritmo superior ao pasado mandato, se iso supón deixadez, os cidadáns verán que non. Fala de que se din din cousas que non son verdade e os cidadáns toman nota.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que en ningún momento se criticou que vostede foxe presidente da Deputación, simplemente a preocupación por compartir as dúas cousas. Felicitalo e desexarle sorte de cara o futuro.

Sometida a votación a proposta da alcaldía, doce votos a favor dos Concelleiros do Partido Socialista e D. Emilio José Sánchez e cinco abstencións do grupo Popular e D^a Isabel García Díaz.

PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

13. INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA (de 06.05.2019, 09.05.2019 (2), 21.05.2019, 03.06.2019, 04.06.2019, 24.06.2019 (2), 28.06.2019, 03.07.2019 e 11.07.2019) QUE LEVANTAN REPAROS DE INTERVENCIÓN (art. 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais).

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

14. ROGOS E PREGUNTAS.

-ROGO DO PP SOBRE ACTUACIÓNS PARA A REPARACIÓN DA RÚA CARDENAL

“Exposición de motivos

Las caídas en diferentes zonas peatonales de la ciudad son recurrentes en los últimos tiempos; sobre todo, se están volviendo muy habituales las caídas en la calle Cardenal.

La Calle Cardenal, es la calle peatonal comercial y hostelera por excelencia de nuestra ciudad. Escaparate de esta, su buen estado es fundamenta lpara mantener una imagen intachable ante turistas e inversores. Además, por su importancia, es la calle más transitada por todos los ciudadanos de Monforte y es innegable el envejecimiento demográfico, por lo tanto, su arreglo debe ser una prioridad.

Asimismo, son numerosas las aceras y las zonas peatonales con desperfectos que ocasionan caídas a los transeúntes, muchas veces a causa de las raíces de los árboles plantados a discreción por estas áreas.

Por lo tanto, desde la agrupación municipal, Ruego se reparen estas zonas a la mayor brevedad posible; pero dado la envergadura económica de estas reparaciones así como el impacto económico que puede repercutir, sobre todo en la Calle Cardenal, se prepare un proyecto de restauración y mantenimiento de zonas peatonales, con inversiones anuales, donde se refleje con la mayor claridad posible en los próximos presupuestos.”

Resposta o Sr. Alcalde, lamentando as caídas na rúa Cardenal, ás veces un cae, esas persoas que caen nas beirarrúas. Si que é certo que nas zonas de árbores as raíces levantan algunha pedra e posiblemente haberá que facer a nivelación de solo. En Santiago que hai auténticos baches nas pedras da Praza do Obradoiro. Na rúa cardenal coincidiu que caeron varias persoas, lamentar

Pleno ordinario 29.07.2019

que se fixeran dano. A zona da árbores está mal, qué beirarúas están mal, alí non hai ningún bache, fomos expresamente e non había nin un so bache, se alguén vai despistado. Non todo vale, no cardenal hai uns problemas nas árbores, no Banco Pastor, non hai nada. Vaia vostede as rúas da cidade de Compostela.

-ROGO DO PP PARA QUE SE DESBROCEN OS CAMIÑOS DE PARROQUIAS E DE ZONAS EXTRAURBANAS PARA SU MEJOR

“Exposición de motivos

Son numerosas las quejas de vecinos de Monforte de la periferia en cuanto alestado de los matorrales que acompañan los caminos y carreteras. Además, existen numerosas propiedades privadas notablemente abandonadas, cuya maleza es exagerada provocando un riesgo para vecinos y más en esta época de calor en las que los incendios se producen con mayor frecuencia.

Existen propiedades abandonadas incluso en barrios muy cercanos al centro urbano, como el 4 Vientos o Cobas y son numerosas las parroquias que se quejan del estado de la maleza de los caminos e incluso cerca de la carretera, como puede ser Baamorto, Marcelle, Ribasaltas, El Casar y especialmente las áreas.

Es competencia del ayuntamiento, según el artículo 25 de la LRBRL la prevención de incendios y el mantenimiento de la salubridad públicas, así como la infraestructura viaria y los accesos de cualquier índole. Además, la Ley 03/2007 claudica en los ayuntamientos la potestad sancionadora a propietarios de fincas privadas que no limpien sus fincas; así como la responsabilidad de los ayuntamientos de mantener limpios y desbrozados los caminos de su demarcación territorial.

Por lo tanto, Ruego, como portavoz del grupo municipal, que se proceda al desbroce de los lugares que le corresponda, así como a que se lleve a cabo un intenso procedimiento sancionador a propietarios de fincas abandonadas y sin desbrozar.”

Resposta o Sr. Alcalde que os barrios que vostede fala son parroquias, esas parroquias están desbrozadas, agás as que atravesan rúas da Deputación. Están os contratos sen facer, para o ano que ven empezarse en xuño. As do Concello están feitas. Na zona de Fontecha e na zona de Cobas, teñen algunha finca sen desbrozar. E logo en relación as franxas secundarias di que indirectamente si que é da Xunta de Galicia, a Conselleira anterior chegou a un acordo realizando un convenio, ao que este Concello está adherido, para que a empresa pública SEAGA sexa a que inicie os expedientes sancionadores e despois dea conta aos concellos para que requira aos propietarios..

-ROGO DO PP PARA QUE SE PROCEDA Á LIMPEZA DOS RÍOS QUE TRANSITAN POR TRAMOS URBANOS EN CONCRETO NA RÚA RAMÓN VALLE INCLÁN.

“Exposición de motivos

“El estado de los ríos y riachuelos en Monforte de Lemos es lamentable. La maleza apenas permite ver el transcurso de las aguas. Los ciudadanos de Monforte están cansados de los partidos de tenis constantes que inicia el actual gobierno para eximir responsabilidad en determinadas competencias. Efectivamente ha sido una controversia judicial recurrente entre confederaciones hidrográficas y los ayuntamientos la competencia en esta materia; sin embargo, estas concluyeron con la Sentencia 1962/2017 del Tribunal Supremo, la cual interpreta el artículo 28.4 de la ley 10/2001 (LPHN) que dictamina que corresponde a los ayuntamientos las actuaciones de mantenimiento y conservación de los cauces públicos que discurran por zonas urbanas.

Por este motivo, esta agrupación, Ruega al gobierno local a que proceda al correcto mantenimiento de ríos y riachuelos que circulan por tramo urbano, en concreto en ramón del Valle Inclán, donde los vecinos han mostrado constantes quejas, pues actualmente hay plaga de serpientes y ratones que incluso llegan a los edificios, procedentes del rio. En este sentido, es competencia del ayuntamiento la salubridad pública, y se han quejado de la existencia de ratas y cucarachas muchos locales de negocio próximos al transcurso del río Cabe.”

Resposta o Sr. Alcalde manifestando que o regato do que fala é o regato Zapardiel, o que atravesa pola rúa Valle Inclán é zona rústica, polo tanto en zona rústica é competencia da Confederación Hidrográfica, en zonas urbanizadas si que o fai o Concello, fíxoo dende o parque dos Condes ata o clube fluvial, porque lle toca ao Concello. Pero de Correos para arriba é rústico non é urbano, polo tanto o fai a Confederación. O desbroce do Zapardiel o fixo a Confederación. A sentenza do Tribunal Supremo fala de zonas urbanizadas. Se ten moita maleza haberá que dicirlle á Confederación que se lle poña solución. Na cidade de Córdoba polos laterais ten unha mnaleza impresionante, a Confederación do Guadalquivir di no se pode cortar porque alí anidan aves. No centro de Córdoba a 100 metros da Mezquita. Desbrozar si pero tamén hai que manter o medio ambiente.

-ROGO DO BNG RELATIVO Á LIMPEZA DA FONTE DA REGA, NA PARROQUIA DE MOREDA

“Exposición de Motivos

En días pasados desenvolveuse a limpeza da estrada LU-617, a antiga estrada de

Pleno ordinario 29.07.2019

Monforte a Escairón, por parte da Xunta de Galiza, deixando a coñecida e moi frecuentada Fonte da Rega sen limpar. Descoñecendo os motivos desa omisión.

SOLICITUDE

Que o Goberno municipal: Limpe a nomeada fonte de tal xeito que poida ser utilizada de xeito satisfactorio pola veciñanza.”.

Resposta o Sr. Alcalde si eso é así o compañeiro de Medio Rural se preocupará para que se limpe esa fonte, onde hai costume de ir coller auga.

-ROGO DO BNG RELATIVO Á RÚA BENITO VICETTO

“Exposición de Motivos

Na actualidade estase desenvolvendo o amaño de firme da rúa Benito Vicetto desde a N-120 até o cruce coa rúa Malvarón. Nesta rúa existen dous pasos de peóns, un deles de acceso a un parque infantil e unha área comercial. Eses pasos están pintados na rasante da vía pública.

Solicitud

Que:

-Aproveitando esta situación de obras, entendemos que é o momento de elevar estes pasos de peóns para facilitar o paso de viandantes e cadeiras de rodas, así como para forzar a reducir a velocidade dos vehículos neste tramo de vía recto e de saída da cidade.

-Mellorar o alumeado nos novos pasos de peóns.”

Resposta o Sr. Alcalde manifestando que o que se pretende coa obra de Benito Vicetto é mellorar o firme, xa que é unha das entradas a Monforte e tamén polo tráfico. Dende a rotonda é competencia municipal, di que queren que esa rúa sexa unha entrada digna a Monforte. Di que xa se está empezando a pintar, rematarán de inmediato. En relación cos pasos elevados nas cidades non hai pasos elevados, hainos nos pueblos. Fala de que algunha vez viñeron protestar as ambulancias polos pasos elevados, xa que si se vai deprisa cun enfermo por mor dos pasos móvese a camilla, o que non poden e ir frenando cada certo tempo, ata agora non había pasos elevados. Nas autovías tamén hai accidentes é unha sensación de percepción de velocidade depende onde de atopas. O técnico que fixo o proxecto que é de Monforte non os contemplou nos proxectos polo que agora non se vai modificar o proxecto. En relación co alumeado, este equipo de goberno no pasado mandato fixo un esforzo grande, rúa Chantada, rúa Ourense, Paseo de Lugo, máis de 60 rúas que se mellorou o alumeado, unha delas é Benito Vicetto, o proxecto da obra da rúa non contemplaba a modificación do alumeado. Como sí contempla a de Chamoso Lamas na súa parte inicial dende Valle Inclán ata o transformador das Cruces, que había unhas farolas de contaminación lumínica e vaise facer un alumeado novo.

-ROGO RELATIVO Á RETIRADA DUNS PIÑEIROS NO LUGAR DE OUTEIRO, NA PARROQUIA DE MOREDA

“Exposición de motivos

As/os veciñas/os de Outeiro, na parroquia de Moreda, están preocupados polo perigo que supón uns corenta piñeiros plantados nunha finca de gran pendente e propiedade particular. Esta finca está inmediata, a uns trinta metros, ás casa do lugar, polo que de producirse un incendio fortuíto, ou mesmo a caída das árbores sobre os tellados, causará gran prexuízo aos propietarios dos inmóbeis. Apuntan, ademáis, que este tema tratouse con anterioridade nunha Xunta de Goberno, sen que se tomara ninguna medida ao respecto.

SOLICITUDE:

Que o goberno municipal:

-Informe sobre as competencias do Concello a este respecto, e os trámites que se levan feito.

-Que á menor brevidade posíbel se solucione o problema referido para tranquilidade da veciñanza de Outeiro. “

Resposta o Sr. Alcalde manifestando que nestes casos hai que seguir un procedemento que está regulado e que foi o que fixo o equipo de Goberno. Dende que se ten coñecemento por escrito, os afectados deronnos coñecemento, deuse un prazo de audiencia, alegacións, todo o procedemento administrativo que está rematado. Está no proceso de contratación, xa se teñen solicitado presupostos para realizar esa obra, tan pronto este contratado se executará esa orde, consistirá en cortar a madeira e deixala alí, evidentemente o custe repercutirá ao dono . Todo isto leva máis dun ano, o procedemento é o procedemento. Está requerido para que varias empresas presenten presupostos, se realizará o contrato e se executará.

-ROGO DE D^a ISABEL GARCIA DIAZ SOBRE UNHA MOCIÓN PRESENTADA CON ANTERIORIDADE PRESENTADA POLO SEU GRUPO INSTANDO AO EQUIPO PARA LEVAR AS MEDIDAS NECESIDADES PARA TER TRANSPORTE PUBLICO NA ROMERIA DO SAN MATEO.

Solicita que se dea cumprimento a unha iniciativa presentada polo seu grupo en decembro do 2018, sobre autobús gratutito para a Romeria do San Mateo, e como é o 21 de setembro, antes do pleno ordinario. Di que sobre todo na zona da

Estación, hai un obxectivo de recuperar iso, moitas persoas non poden facelo andando e o peor sería a volta. En definitiva, de dar cumprimento a esa iniciativa que foi presentada en decembro do 2018.

Resposta o Sr. Alcalde que as iniciativas de carácter político se o equipo de goberno pensa que non é o axeitado, aquí o autobús tamén perxudica aos taxis. Cada persoa que queira ir a unha festa terá que valorar os medios para ir e os medios para volver, parécelle que por moi importante que sexa o San Mateo poñer un autobús gratis para ir a unha festa e a outras non. Habería que pomelo para as festas de Villamarín, Piñeira, etc. Iso é un tema de ocio que cada un vai como considera.

-PREGUNTA DE D^a ISABEL GARCIA DIAZ SOBRE A TALA DE ARBORES NA ILLA DE VILANOVA

Manifesta que non esta moi claro quen a autorizou e quen a fixo a tala das árbores. Si ten información ao respecto de como se produxo e porqué. Que si ten intención de tomar algunha medida ao respecto ou que pensa facer.

Resposta o Sr. Alcalde que como é unha cuestión que coñece, ninguén sabe nada que pasou aí, parece que alguén cortou algunha árbore e que algúns caeron sobre outros, parece que non había autorización de ninguén, escrita polo menos non. Será a Confederación na zona de policía de cauce instruír algún tipo de expediente se é que o estiman procedente, as árbores non son ben público do Concello, parece que despois que eses árbores rotos desapareceron tamén. E toda a información que ten, no ten máis información sobre ese tema.

Non habendo máis asuntos a tratar, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión sendo ás vinte e unha horas e cinco minutos do mesmo día, de todo o cal, como Secretario, certifico.

Vº e pr.
O Alcalde,